



**ACTA Nº 2023/5**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- CASA DO CONCELLO, VENRES 26 DE MAIO DE 2023 -**

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**Preside:** Benigno Galego Castro

**Asisten::** Cándido Eusebio Preto Lago, Cristian Carrodegas Graña, Maria Amalia Díaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz, David Prada Aneiros, Patricia Santalla Pérez, Rocío Martínez Martínez e Marina Tojeiro Martínez.

**Secretaria - Interventora:** Paula Díaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día

### **ORDE DO DÍA**

**1. Aprobación das actas dos plenos de 28/04/2023 e 03/05/2023.** Os membros do Pleno asistentes, aprobaron por unanimidade as actas anteriores.

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez aclara que na acta do pleno do día 28/04/23, no punto de rogos e preguntas e en relación ao tema do Badulaque, preguntou si se presentaran os informes requiridos e non as alegacións .

**2. Aprobación definitiva do o orzamento xeral 2023.** A secretaria-interventora procedeu a dar lectura a seguinte proposta da Alcaldía. Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria celebrada polo Pleno deste Concello de 29 de marzo de 2023, o orzamento xeral, bases de execución e o cadro de persoal funcionario e laboral para o exercicio 2023, publicado no BOP o día 3 de abril de 2023. A vista das alegacións presentadas ó mesmo por P.D.T. e D.R.P. Solicitado un informe ó Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos da Deputación Provincial. Logo de dar traslado do referido informe ás asociacións sindicais presentes na mesa xeral de negociación sen que as mesmas presentara alegacións. Esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo: **Primeiro:** Admitir as alegacións presentadas por estar en tempo e forma. **Segundo:** Desestimar as alegacións presentadas en base o referido informe da Deputación Provincial. **Terceiro:** Aprobar con carácter definitivo o o orzamento xeral, bases de execución e o cadro de persoal funcionario e laboral para o exercicio 2023 e publicar un anuncio no BOP. Os membros do pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior. Sete votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Preto Lago,



Concello de Cerdido  
As Felgosas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
www.cerdido.org correo@cerdido.es



exp. 2023/G010/000006

Cristian Carrodegua Graña, Maria David Prada Aneiros, Patricia Santalla Pérez, Rocío Martínez Martínez Ausencias: Marina Tojeiro Martínez e o voto do Sr. Alcalde. Dúas abstencións dos concelleiros Maria Amalia Díaz Rodríguez, e Alberto Javier Rey Paz.

O alcalde explica que se enviaron a informe de Diputación dúas alegacións presentadas por dous traballadores, porque o informe non o podía realizar a secretaria-interventora por ser parte interesada, as conclusións do informe é que hai que desestimar as alegacións que se basean en que os criterios de reparto da produtividade non estaban negociados, a existencia dun plan de acción social, un plan de seguridade e saúde por traballos con pantallas e o canal de denuncias, as alegacións enviaronse aos sindicatos e están de acordo de que os criterios se negociaron e non presentaron alegacións, en canto as prestacións solicitadas os sindicatos no presentaron nada e en relación o canal de denuncias, xa estamos adheridos o plan de Diputación antifraude e o canle de bo goberno engade que no informe da Diputación de 20 folios explica que todos os anos se aprobaron os mesmos criterios de reparto e a secretaria -interventora non emitiu reparo ningún e que os anteriores presupostos foron aprobados con informe favorable de secretaria -intervención, engade que houbo unha mesa de negociación con tres sindicatos e que se negociou todo .

O concelleiro Alberto Rey Paz, explica que si a Diputación emite este informe e os sindicatos emiten o seu visto e praxe non ten nada que engadir .

O concelleiro Cándido Prieto Lago, explica que houbo unha negociación cos sindicatos e que non houbo reclamacións

**3.-Dar conta da liquidación do presuposto municipal de 2022, que figura no expediente tedec 2023/T019/000001.** A secretaria -interventora procedeu a lectura do decreto de aprobación da liquidación do ano 2022 que se transcribe deseguido :

#### **Antecedentes administrativos**

Expediente da liquidación do presuposto municipal de 2022, que figura no expediente tedec 2023/T019/000001

Informes de liquidación e estabilidade presupostaria redactados pola secretaria-interventora Paula Diaz Tie, asinados o día 04.05.2023.

#### **Lexislación aplicable**

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira.

Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.



Orde HAP/2105/2012, da 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Esta Alcaldía **ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar a **liquidación do exercicio económico de 2022**, de acordo co seguinte detalle de resultados:

<b>1.-Debedores pendentes de cobro a fin de exercicio:</b>	<b>105,870.87 €</b>
a.- Debedores pendente de cobro presuposto corrente	18,399.06 €
b.- Debedores pendentes de cobro presuposto pechado	46,127.70 €
c.- de operacións non presupostarias	0.00 €
<b>2.--Acredores pendentes de pago a fin de exercicio</b>	<b>157,425.08 €</b>
.-De presuposto corrente	126,806.44 €
b.- De presuposto pechado	660.94 €
c.-Outras operacións non presupostarias	26,957.70 €
.- Cobros de partidas pendentes de aplicación	3,469.47 €
.- Pagos pendentes de aplicación	0.00 €
<b>3.-Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio</b>	<b>564,239.61 €</b>
<b>4. Remanente de tesourería total ( 3+1- 2 )</b>	<b>509,215.93 €</b>
5.- Saldo de dubidoso cobro	35,907.60 €
6.- Exceso de financiamento afectada	18,666.51 €
<b>Remanente de tesourería para gastos xerais ( 4 -5-6 )</b>	<b>454,641.82 €</b>

1.-Dereitos Recoñecidos Netos	1,469,621.97 €
2. Obrigacións Recoñecidas Netas	1,518,476.07 €
<b>3. Resultado Presupostario (1 - 2)</b>	<b>-48,854.10 €</b>
4. Desviacións positivas de financiamento	203,834.95 €
5. Desviacións negativas de financiamento	194,920.38 €
6. Gastos financ. con remanente líquido tesourería gastos xerais	153,503.44 €
<b>7. Resultado Presupostario axustado (3-4+5+6)=</b>	<b>95,734.77 €</b>

**Segundo:** En cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira e atendendo os informes de intervención que constan no expediente, incumpríuse co obxectivo de estabilidade presupostaria, cúmprese co límite de débeda establecido e non se excede do Período medio de pagamento establecido. Cabe mencionar que por acordo do Consello de Ministros do día 27 de xullo de 2021, as Administracións públicas non están sometidas durante o exercicio 2022 ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra de gasto previstos na lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Non procede o análise da regra do gasto polo disposto Acordo do consello de ministros de 27 de xullo de 2021.

**Terceiro:** Desta liquidación darase conta o pleno na vindeira sesión que celebre e se remitan telemáticamente a través da plataforma da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, da 1 de outubro.**Os membros do**



**pleno déronse por enterados .**

O alcalde explica que o concello economicamente está moi ben, cun remanente de tesorería de 450.000,00 euros, a xestión foi boa a pesar da forte inversión no alumeado, engade que os resultados son moi aceptables .

O concelleiro Alberto Rey Paz, engade que vai ter sorte quen colla as riendas o día 28/05, porque ten moitos cartos .

**4. Nomeamento de Xuíz de Paz. Leida** a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte :Unha vez iniciado o procedemento para a elección do xuíz de paz deste concello por Decreto da Alcaldía 55/2023 do 22/03/2023 e logo de rematado o período de presentación de solicitudes, anunciado no BOP do 30/03/2023, e ante a prestación de unha instancia que se indica a continuación :

Nº rexistro e data	Nome e apelidos
15025A01200677 12/04/2023	Maria del Mar Caneiro Pérez

Esta alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO: **Primeiro:** Elixir a solicitude presentada por Dª María el Mar Caneiro Pérez con DNI 32687255T, profesión animadora sociocultural, como xuíz de paz titular do concello de Cerdido. **Segundo:** Darlle traslado deste acordo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que proceda o seu nomeamento. Cerdido, 23 de maio de 2023

O Alcalde, Benigno Galego Castro. Os **membros do pleno por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior .**

O alcalde explica que unicamente se presentou unha solicitude, que é da persoa que xa ocupaba o posto anteriormente .

O concelleiro Alberto Rey Paz engade que choca a profesión da solicitante como animadora - sociocultural .

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez pregunta si non é administrativa agora .

O alcalde responde que é a profesión que puxo ela na solicitude e que nesta proposta non se valora o posto de traballo .

Ás 20:55 horas do día 25 /05/2023 e non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe. Asinada por A secretaria, Paula Díaz Tie. O alcalde, Benigno Galego Castro